



Nota de prensa

Compromiso cun consumo sostible

EROSKI INCREMENTA UN 24% AS COMPRAS DE PEIXE SOSTIBLE CERTIFICADO E SUPERA O MILLÓN DE QUILOS

- **É a primeira cadea de distribución polo miúdo en España en superar as auditorías de ambas as dúas certificacións MSC e GLOBALG.A.P. para a venda de peixe fresco sostible**
- **Na súa Política de Pesca Sostible, a cooperativa apoia o desenvolvemento das pesqueiras respectuosas co ecosistema mariño**
- **O fomento dunha actividade máis sostible é o obxecto dos seus *Compromisos en Saúde e Sostibilidade* que presentou o pasado abril**

Elorrio, 10 de setembro do 2018.- [EROSKI](#) avanza no seu compromiso cun modelo alimentario máis sostible co incremento, superior ao 24%, das súas compras de peixe sostible con certificación MSC e GlobalG.A.P., que comercializa baixo a súa marca propia de frescos EROSKI Natur, ata superar o millón de quilos durante a primeira metade do presente exercicio.

Dá así un paso máis na consolidación do seu liderado en frescos e na comercialización de alimentos máis responsables como base para unha alimentación saudable e sostible, pilar básico do seu modelo comercial "contigo". A cooperativa é pioneira en España da aposta polas ecoetiquetas 'MSC' e 'GGN' (GLOBALG.A.P.) para a comercialización de peixe fresco, un compromiso que é un apoio fundamental para o sector pesqueiro que está a apostar pola sostibilidade.

"A pesca con certificado de sostibilidade está a gañar espazo nas nosas peixerías. Ofrecémoslle así garantías ao consumidor de que o peixe fresco con ecoetiqueta que atopa nos nosos mostradores procede de pesqueiras e producións sostibles. En EROSKI velamos para que todos os procesos, dende a orixe da produción ata as operacións en tenda, sexan o máis responsables posibles. O fomento dunha alimentación máis sostible é o obxecto dos nosos [Compromisos en Saúde e Sostibilidade](#) que renovamos este ano", declarou o director de Saúde e Sostibilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Pioneira na acreditación de sostibilidade das súas peixerías

EROSKI converteuse hai pouco máis dun ano na primeira e única cadea de distribución polo miúdo en España en superar a auditoría da organización internacional [Marine Stewardship Council \(MSC\)](#) para a certificación da cadea de custodia do peixe fresco procedente de caladoiros sostibles. A certificación das peixerías de EROSKI foi progresiva e alcanza actualmente 348 mostradores de

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



peixe fresco e mais as seis plataformas loxísticas do grupo EROSKI, dende as que se serve o peixe fresco a toda a súa rede de tendas.

Durante os primeiros seis meses deste exercicio, e na que é a segunda campaña dende que acadou a certificación, a cooperativa superou as 900 toneladas de peixe con selo azul 'MSC' de pesca sostible, que inclúe especies como o bacallau Skrei, a anchoa, o bonito do norte, o lumbrigante, o bacallau desalgado e o surimi. A acreditación 'MSC' audita o caladoiro e mais as empresas implicadas en todo o proceso de manipulación do peixe, de xeito que se garante a trazabilidade e as boas prácticas en toda a cadea de custodia para os produtos que portan o selo azul de MSC. Os factores que 'MSC' ten en conta para distinguir a unha pesqueira coa súa certificación de pesca sostible son a situación da poboación de peixes, o impacto da arte de pesca no hábitat e a xestión do caladoiro.

"EROSKI está a dar pasos firmes e importantes coa certificación progresiva dos seus mostradores de peixería e a incorporación de novas especies para ofrecer cada vez máis gama de peixe fresco co selo azul de MSC. O seu compromiso coa saúde dos océanos e co produto local é claro, como estamos a ver coa aposta polo bonito e pola anchoa procedente da frota vasca certificada e coa incorporación dun número cada vez máis amplo de categorías de produto co noso selo. Felicítamos a EROSKI polo seu gran labor no impulso da pesca sostible e na concienciación do consumidor en España. EROSKI é sen dúbida unha cooperativa responsable e comprometida co futuro dos recursos mariños", afirmou a directora de MSC en España e Portugal, Laura Rodríguez.

Ademais, hai menos de tres meses EROSKI converteuse tamén na primeira cadea de distribución de España que supera a auditoría de cadea de custodia de acuicultura certificada [GLOBALG.A.P.](#), que acredita que as especies de venda nas súas peixerías procedentes deste tipo de cría se produciron de xeito seguro e sostible. Dende aquela EROSKI mercou 60.000 quilos de dourada, corvina, robaliza, rodaballo e salmón con [selo GGN](#) (GLOBALG.A.P. Number).

"Continúa a medrar o número de consumidores que buscan información de confianza cando mercan peixes e mariscos. As cuestións relativas á orixe e aos métodos de produción, como tamén as condicións sociais e ecolóxicas, xogan un papel cada vez máis importante para afianzar a súa confianza e determinar as decisións de compra. Coa súa certificación GLOBALG.A.P., EROSKI estalle a dar resposta, de xeito pioneiro na distribución en España, á crecente esixencia por parte dos consumidores da garantía de que os alimentos son seguros e sostibles", declarou o vicepresidente de Desenvolvemento de Negocio de GLOBALG.A.P, Flavio Alzueta.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



As esixencias da certificación GLOBALG.A.P. abranguen, entre outras, a análise do impacto ambiental, o control periódico da inocuidade alimentaria, o control da calidade da auga, o control da trazabilidade e do benestar animal. Ademais, certifica tamén un consumo axeitado de penso, o que repercute nun mellor coidado do fondo mariño e nun mellor aproveitamento do recurso da pesca; o control de fugas, limitando así a proliferación de especies invasoras; a garantía de axeitadas condicións laborais e o establecemento de sistemas de xestión de calidade, entre outros.

Sobre Marine Stewardship Council (MSC)

É unha organización internacional sen ánimo de lucro creada para axudar a transformar o mercado de produtos do mar cara á sostibilidade. MSC opera o único programa de ecoetiquetado para pesqueiras de captura salvaxe consistente co [Código de Boas Prácticas de ISEAL](#) para a Fixación de Estándares Sociais e Ambientais. Estas directrices baséanse no [Código de Conduta de FAO para a Pesca Responsable](#).

Sobre GLOBALG.A.P.

GLOBALG.A.P. é unha norma con recoñecemento internacional para a produción agropecuaria. Presente en máis de 125 países de todos os continentes, o seu obxectivo é unha produción segura e sostible co fin de beneficiar aos produtores, distribuidores polo miúdo e consumidores en todas as partes do mundo. Con máis de 600 produtos e máis de 188.000 produtores certificados, GLOBALG.A.P. vela pola inocuidade alimentaria e pola trazabilidade; o medio natural (incluíndo a biodiversidade); a saúde, seguridade e benestar do traballador; o benestar animal e o establecemento de sistemas de control de calidade, entre outros.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.651 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash&carry, amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Desde os seus inicios, EROSKI leva a cabo múltiples iniciativas de acción social, principalmente dirixidas á promoción dos hábitos de vida saudables, a formación ao consumidor, a defensa do medio natural e mais a solidariedade.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)